

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Centro: CEIP San Francisco Javier (A Coruña)

Curso: 5º de Educación Primaria.

Áreas: LC-LG-Matemáticas-CCNN-CCSS-Ed.Artística-
Inglés- Religión- Ed. Física.

Data: 05/05/2020

Titores: Eloy Pita Martínez; Jesús Jiménez Castañeda

ÍNDICE

- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

1. ÁREA DE MATEMÁTICAS. 5º CURSO.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.3.2. Iníciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas. (CMCT-CAA-CCL)
B1.5. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras.	MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes. (CMCT-CAA-CSIEE)
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena, en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións, decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor posicional de cada unha das súas cifras. (CMCT-CAA-CCL)
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor posicional de cada unha das súas cifras. (CMCT-CAA-CCL)
	MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica (CMCT)

<p>B2.4. Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante as diferentes estratexias. (CMCT-CAA)</p>
<p>B2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</p>	<p>MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. (CMCT)</p>
	<p>MTB2.5.2. Realiza operación con números decimais. (CMCT)</p>
<p>B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. (CMCT-CAA)</p>
	<p>MTB2.6.8. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.</p>
<p>B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.7.1. Resolve problemas que impliquen o dominio de contidos traballados. (CMCT-CAA-CSIEE-CCL)</p>
<p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p>	<p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha</p>

	medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada. (CMCT-CAA-CCL)
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. (CMCT)
	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. (CMCT)
B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.2. Traza as figuras planas básicas simétrica doutra respecto dun eixe. (CMCT)
B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango. (CMCT-CAA)

2. ÁREA DE LENGUA CASTELLANA. 5º CURSO.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.	LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas. (CCL-CAA-CSC)
	LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía. (CCL-CAA-CSC)
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso.	LCB 1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. (CCL)
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade.	LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) (CCL-CAA)
B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	LCB1.7.1. Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos(narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar) (CCL-CAA-CSIEE)
B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade.	LCB1.8.3. Participa en debates explicando as súas opinións e ideas, emitindo xuízos persoais fundamentados sobre os temas e coa profundidade propia da súa idade.

	(CCL-CAA-CSC-CSIEE)
B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social. (CCL-CAA)
	LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. (CCL-CAA)
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas. (CCL-CAA)
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. (CCL)
	LCB3.3.3. Emprega de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais. (CCL-CD-CAA-CSIEE)
B3.8. Escribir os textos establecidos no plan de escritura.	LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura. (CCL-CAA)
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. (CCL)
	LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos. (CCL)
	LCB4.2.5. Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado. (CCL)

B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.6.Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. (CCL)
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea sinxelos textos literarios a partir de pautas ou modelos dados. (CCL-CAA-CSIEE-CCEC)

3. ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA. 5º CURSO.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. (CL-CMCCT-CAA-CD-CSIEE)
	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. (CCL-CMCCT)
	CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. (CMCCT-CAA-CD)
B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. (CMCCT-CAA-CSIEE)
B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. (CMCTT-CAA-CSC-CSIEE)
	CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. (CMCCT-CD-CSC)

B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. (CCL-CMCCT-CAA-CSIEE)
	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. (CCL-CMCCT-CD-CAA-CSC-CSIEE)
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. (CMCCT)
	CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. (CMCCT)
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes. (CMCCT-CSC)
	CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menú variados identificando ás prácticas saudables. (CCL-CMCCT-CSC)
	CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. (CMCCT-CSC)
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. (CMCCT)
	CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. (CMCCT- CAA)
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo	CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. (CCL-CMCCT)

hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. (CCL-CMCCT-CSC)
	CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. (CMCCT-CAA)
B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.	CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica). (CMCCT)
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos.	CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. (CMCCT-CAA)
	CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. (CCL-CMCCT)
	CNB4.2.3. Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido. (CCL-CMCCT)
B4.3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible.	CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. (CCL-CMCCT-CSC)

4. ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS. 5º CURSO.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.	CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. (CL-CMCCT- CAA-CD)
	CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. (CCL-CAA)
B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. (CAA-CSC)
	CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. (CAA-CSC)
B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes	CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. (CCL-CMCCT-CAA-CSC)

recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CSB1.3.3. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. (CCL-CMCCT-CAA-CD-CSC)
B2.1. Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.	CSB2.1.1. Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. (CCL-CMCCT)
B2.2. Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. (CCL-CMCCT)
B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios.	CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. (CCL-CMCCT-CCA)
	CSB2.3.2. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. (CCL-CMCCT-CAA)
	CSB2.3.3. Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares. (CCL-CMCCT)
B2.4. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	CSB2.4.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. (CMCCT-CAA)

B2.5. Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.	CSB2.5.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. (CCL-CMCCT)
B2.6. Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	CSB2.6.2. Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. (CCL-CMCCT-CAA)
B2.7. Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España.	CSB2.7.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. (CCL-CMCCT-CAA-CSC)
B2.8. Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. (CMCCT)
	CSB2.8.2. Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. (CMCCT)
B2.9. Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.	CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. (CCL-CMCCT-CSC)
B3.1. Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.	CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. (CCL-CSC)
B3.2. Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización.	CSB3.2.1. Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. (CCL-CSC)
	CSB3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. (CCL-CSC)
B3.3. Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno.	CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. (CCL-CSC)

B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	CSB3.4.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. (CCL-CSC)
B3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación.	CSB3.5.1. Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. (CCL-CMCCT-CSC)
B3.6. Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.	CSB3.6.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. (CCL-CSC)
	CSB3.6.4. Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas. (CSC)
B3.7. Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.	CSB3.7.1. Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país. (CCL-CSC)
	CSB3.7.2. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc. (CCL-CSC)
B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1. Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais. (CCL-CMCCT-CSC- CCEC)
B4.3. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	CSB4.3.1. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos. (CMCCT-CAA-CSC-CCEC)
B4.4. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España. (CMCCT-CSC-CCEC)
	CSB4.4.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas. (CCL-CSC-CCEC)
B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen	CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. (CSC-CCEC)

os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	
B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.6.1. Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. (CSC-CCEC)

5. ÁREA DE LINGUA GALEGA. 5º CURSO.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. (CCL-CAA)
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación. (CCL-CAA-CD-CSIEE)
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.2. Segue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas. (CCL-CAA)
	LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. (CCL-CAA-CSIEE)
B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. (CCL-CSC-CAA-CCEC)
B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas e descoñecidas. (CCL-CSC)
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo) (CCL)
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. (CCL-CAA-CSIEE)

sentidos bastante evidentes.	
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña. (CCL-CAA-CSC-CMCT)
B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas. (CCL-CSIEE-CAA)
B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral, os enunciados. (CCL-CAA-CSIEE)
	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. (CCL-CSC-CECC)
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións (CCL-CAA-CD)
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado. (CCL-CSC-CCEC)
B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía. (CCL-CAA-CD)
